



Santiago Cabello Muñoz
Gandeiro e alcalde de Pozoblanco (Córdoba)

A profesionalización dos mozos, garantía de futuro

En Valle de los Pedroches acabamos de celebrar a 26.ª edición da nosa Feira Agrogandeira, un evento que leva un grande esforzo e dedicación durante meses, pero que permite facer visible o sector vacún leiteiro e que nos enorgullece a todos. Preparar unha feira de tal magnitude como esta, unha das máis grandes do sur de Europa, esixe moito traballo, pero pómolle moitísimo agarimo, moita ilusión e creo que é o mellor lugar de encontro para as empresas, expositores e gandeiros co fin de establecer sinerxías comerciais e oportunidades de negocio. O noso obxectivo é que se estableza un gran volume de relacións e estámolo conseguindo.

Como gandeiro, alcalde de Pozoblanco e presidente do Consorcio da Feira, este ano tocouse gozala máis aínda se cabe. Tomei o cargo na alcaldía hai máis de dez meses, pero é a primeira vez que me coincide presidir esta feira e tratar de combinar todas as tarefas. É difícil porque tentas que os resultados sexan os mellores posibles e, á súa vez, é un grande orgullo para min poder representar nos seus distintos ámbitos a gandería desta comarca. Creo que todo se pode unir nun mesmo corazón e este ano vivín sensacións e sentimentos moi bonitos que serán difíciles de esquecer.

Como dicía, son xa vinte e seis as edicións desta feira e esta vez estiven presente participando no concurso morfolóxico de vacas frisonas e como alcalde. O vacún de leite é un dos alicerces esenciais do colectivo agrogandeiro de Los Pedroches e que estean presentes animais do sector lácteo é indubidablemente é unha grande aposta para todos. Precisamente por iso, este ano quixemos darlle máis protagonismo a este certame e transformato no primeiro Concurso Rexional de Andalucía para que tivesen presenza todas aquelas ganderías da comunidade. Creo que este é o camiño polo que debemos seguir apostando,

é importante reforzar este concurso e continuar enriquecéndoo con actividades complementarias, como o curso de preparación e manexo que incluímos este ano no programa.

Eventos como este son os que nos axudan a facerlle promoción e darlle difusión ao noso sector, e desde as administracións temos o deber de que así sexa. Acercar o sector agrogandeiro á política é moi positivo porque o coñeces desde dentro. Sabes cales son as necesidades, cales son as demandas e cales son os problemas que teñen os agricultores e os gandeiros. É máis fácil e eficaz trasladarlle ao resto das entidades públicas, transmitirllas todo o que vivimos e tentar por solucións.

O gandeiro sempre demanda un mellor prezo do leite e que os custos de alimentación sexan os máis baixos posibles. Como no resto de España, na nosa comarca compartimos as mesmas peticións, iso si, teño que dicir que os gandeiros de Valle de los Pedroches temos a grande oportunidade de acubillarnos baixo o paraugas da Covap, un referente de cooperativa da que nos sentimos moi orgullosos. Grazas a este gran proxecto conseguimos moitas máis facilidades e temos mellor garantida a estabilidade de prezos no mercado.

Creo que agora mesmo o sector lácteo vive un presente con moita ilusión e con bastante optimismo. Os prezos do leite practicamente estabilizáronse e vemos como son moitos os mozos que están a tomar as rendas das explotacións familiares. Ademais, os gandeiros somos máis profesionais, apostamos pola formación, o coñecemento e a mellora dos nosos negocios, e buscamos que os nosos animais e as nosas granxas sexan máis eficientes.

É unha satisfacción que este traspaso xeracional se consiga con tanta profesionalización e ilusión, o resultado é ter garantías dun futuro moito mellor aquí, no noso Valle de los Pedroches. ■

► “ACERCAR O SECTOR AGROGANDEIRO Á POLÍTICA É MOI POSITIVO PORQUE O COÑECES DESDE DENTRO”